

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA PARA DESENVOLVER MEDIDAS PREVISTAS NO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante IGVS),

DECLARA:

Que o IGVS formalizou ca Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza un acordo de colaboración para desenvolver medidas previstas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero que abrangue desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento das condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o IGVS, para desenvolver algunha das medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero que se refiren a asegurar a existencia de recursos habitacionais suficientes e dignos para as vítimas da violencia de xénero (medias 75, 168 e 215 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero).

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

O Pleno do Congreso dos Deputados aprobou por unanimidade, na súa sesión do día 15 de novembro de 2016, unha Proposición non de Lei pola que se instaba ao goberno a promover un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero para impulsar políticas para a erradicación da violencia sobre a muller. O dito Pacto de Estado contra a violencia de xénero consta de 10 eixes e un total de 292 medidas competencias tanto da Administración Xeral do Estado, como das Comunidades Autónomas e das entidades locais.

O 4 de agosto de 2018 publicouse a Resolución pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros polo que se formalizan os criterios de distribución e a distribución resultante do crédito para o desenvolvemento polas Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía do Pacto de



Estado contra a violencia de xénero, consignándose a partir dese momento os fondos correspondentes nos orzamentos da Secretaría Xeral de Igualdade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido dado que varias das medidas recollidas no Pacto de Estado, refírense a competencias específicas sectoriais que corresponde desenvolver, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Pública e Xustiza como ao IGVS, polo que ambos os dous departamentos consideran conveniente asinar un acordo de colaboración para unha xestión máis eficaz e eficiente das medidas a levar a cabo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional referido, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria.

